



Agrupación Deportiva NAUTICO DE NARON
Polideportivo de A Gándara, 148
15570 NARON
Telf: 981 389 139
www.nauticonaron.com
nauticonaron@gmail.com



A TRINTAEUNDOCE

San Silvestre Naronesa

Artigo 1. Organización:

O Concello de Narón e a AD Náutico de Narón organizan “A trintaenodoce” (San Silvestre Naronesa). A proba terá lugar o domingo 31 de decembro, con saída e meta na Estrada de Castela (Freixeiro) e discorrerá por dita Estrada. A proba estará aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. Cada atleta participa baixo a súa responsabilidade e dispón de unha condición física suficiente para rematar a proba.

Artigo 2. Categorías, distancias e horarios:

O circuío será sobre asfalto e estará pechado a todos os vehículos agás os autorizados pola organización. O percorrido estará controlado por persoas e vehículos da organización.

CATEGORÍA/ANOS		DISTANCIA	HORA DE SAÍDA
A	PITUFOS (2016 e posteriores)	200 mts (aprox)	16:20
B	PROMOCIÓN (2015-2009)	1556 mts (1v)	16:30
C	SENIOR (2008-1988)	3112 mts (2v)	16:50
D	MASTER (1987 e anteriores)	3112 mts (2v)	16:50



Agrupación Deportiva NAUTICO DE NARON
Polideportivo de A Gándara, 148
15570 NARON
Telf: 981 389 139
www.nauticonaron.com
nauticonaron@gmail.com

Artigo 3. Condicións de participación:


- As inscricións faranse a través da páxina web > > > www.galitiming.com
- A inscrición pecharase o 26 de decembro ás 23:59 horas.
- Non se admitirán inscricións fora de prazo.
- A inscrición na proba é persoal e intransferible
- NON está permitida a participación na proba con mascotas.
- A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.
- No caso de que xurda algunha dúbida ou discrepancia acerca do regulamento, a decisión quedará en mans da organización.
- A proba estará controlada pola Federación Galega de Atletismo, e estarán capacitados para descualificar a calquera atleta que incumpra o regulamento. Serán motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:
 - Non respetar as indicacións dadas pola organización.
 - Non realizar todo o circuíto da carreira.
 - Non levar o dorsal ou a manipulación do mesmo.
 - Falsificar datos persoais.
- Todo o non disposto neste regulamento rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e WA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.



Agrupación Deportiva NAUTICO DE NARON
Polideportivo de A Gándara, 148
15570 NARON
Telf: 981 389 139
www.nauticonaron.com
nauticonaron@gmail.com

Artigo 4. Percorridos:

A saída e meta estarán situadas na estrada de Castela nº 336 (punto próximo á rotonda de Freixeiro), mentres o punto de retorno para as categorías B, C e D estará na mesma estrada de Castela nº 525.



A organización poderá modificar o percorrido por motivos de seguridade ou por causa de forza maior.



Agrupación Deportiva NAUTICO DE NARON
Polideportivo de A Gándara, 148
15570 NARON
Telf: 981 389 139
www.nauticonaron.com
nauticonaron@gmail.com

Artigo 5. Inscripcións

A inscrición farase exclusivamente a través da páxina: www.galitiming.com

Os dereitos de inscrición na carreira absoluta terá un custe de 5 euros. Na proba de promoción serán de 2 euros e a proba de pitufos será gratuíta.

O prazo de inscrición será do 10 de decembro ó 26 de decembro ás 23:59 horas.

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, teléfono móbil, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como popular ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza e o clube.

Artigo 6 . Retirada de Dorsais

Os dorsais poderanse retirar o día 31 de decembro na caseta de información turística do Concello próxima a Saída/Meta (Rotonda de Freixeiro).

Artigo 7 . Premios e clasificacións:

- A entrega de premios será no parque de Freixeiro e farase unha vez finalice a proba absoluta.
- Clasificacións, segundo as categorías indicadas no artigo 2. As clasificacións e a cronometraxe será electrónica e apoiada polo Comité Galego de Xuíces.
- Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría e sexo, segundo as categorías indicadas no artigo 2.
- Na categoría de PITUFOS darase un agasallo a tod@s @s participantes. Trátase dunha proba NON COMPETITIVA. Non haberá premiacións para esta categoría nin se farán clasificacións.
- Premio Especial aos tres primeiros clasificados masculinos e femininos absolutos da proba.
- Haberá un sorteo con diferentes agasallos unha vez finalice a proba.

Artigo 8. Seguro

Tod@s @s participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun



Agrupación Deportiva NAUTICO DE NARON
Polideportivo de A Gándara, 148
15570 NARON
Telf: 981 389 139
www.nauticonaron.com
nauticonaron@gmail.com

padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

Artigo 9. Aceptación do regulamento:

A inscrición na proba conleva a autorización da publicación de fotografías ou vídeos da participación na mesma, así coma os resultados.

Artigo 10. Cambios do regulamento:

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

NOTA:

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.



www.nauticonaron.com